A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE ACHEGA O SOLIDARIO XESTO DA DOAZÓN ATA O C.C. ÁREA CENTRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desenvolve este xoves 29 de novembro unha nova campaña nas inmediacións do centro comercial Área Central, no compostelán barrio de Fontiñas.

Durante esta xornada, as persoas que o desexen terán unha nova oportunidade de doar sangue na unidade móbil de ADOS que estará estacionada diante da cabina de información do centro comercial, na escaleira de acceso a ALCAMPO, de 15:30 ás 21:00 horas.

Dende ADOS, queremos amosar o noso agradecemento a todas as persoas que doan sangue.